



# REGULAMENTO OFICIAL

## CIRCUITO DA AGUA

### 1. Introducción e obxecto da competición

O **Circuito da Agua** nace no ano 2026 como unha competición deportiva transfronteiriza de carreiras de obstáculos (OCR) que une dous territorios historicamente conectados: **Verín–Monterrei e Chaves**.

O proxecto xorde coa vontade de crear un espazo común de encontro a través do deporte, promovendo a cooperación entre Galicia e Portugal e poñendo en valor a Raia non como fronteira, senón como territorio compartido.

O Circuito da Agua busca:

- Fomentar estilos de vida activos e saudables.
- Reforzar os vínculos deportivos e sociais entre ambos lados da Raia.
- Impulsar o deporte como experiencia colectiva, alén da competición.
- Poñer en valor o medio natural como escenario común de encontro.
- Promover o territorio como destino de turismo activo
- Reforzar a colaboración entre axentes público-privados a ambos lados da fronteira en termos de gobernanza



## 2. Organización e ámbito de aplicación

O Circuito da Agua actúa como entidade coordinadora da competición, sendo responsable de:

- Establecer o calendario oficial do circuío.
- Definir categorías, sistema de puntuación e clasificación xeral.
- Publicar rankings e comunicacións oficiais.
- Resolver incidencias relacionadas coa clasificación final.

Cada proba integrante manterá a súa propia organización, regulamento específico, sistema de cronometraxe e control de obstáculos.

O Circuito tomará como referencia exclusiva as **clasificacións oficiais publicadas por cada evento** para elaborar os rankings conxuntos.

## 3. Probas integrantes do Circuito da Agua 2026

A primeira edición do Circuito da Agua estará composta polas seguintes probas:

- **A Revolta Irmandiña** – Verín–Monterrei (Galicia) - 14 de xuño
- **Flavius Challenge** – Chaves (Portugal) - 15 de novembro

Só estas dúas probas serán puntuables para a clasificación xeral do Circuito.



## 4. Participación e requisitos

A participación no Circuito da Raia é **totalmente gratuíta como competición**.

Para participar será necesario:

- Ter **16 anos ou máis** a 31 de decembro.
- Estar correctamente inscrito/a en cada unha das probas a través das plataformas oficiais de cada evento.
- Marcar a opción correspondente de participación no Circuito da Agua no formulario de inscrición individual.

No caso de non realizar a inscrición no circuíto no momento da inscrición inicial, a persoa participante poderá solicitar a súa inclusión mediante correo electrónico ao enderezo habilitado pola organización: **arevoltairmandinha@kforce.gal** ou **geral@wildfun.pt**

As persoas menores de 18 anos deberán cumprir as condicións específicas establecidas pola organización de cada carreira (autorizacións, distancias permitidas, etc.).

A inscrición na Competición implica a aceptación íntegra deste regulamento e dos regulamentos propios de cada proba.



## 5. Categorías da Liga

O Circuito da Agua establece tres categorías diferenciadas, con clasificación masculina e feminina nas categorías competitivas.

### 5.1 Categoría Élite

Categoría de máximo nivel competitivo. As persoas participantes deberán competir nas tandas e condicións establecidas como Élite pola organización de cada proba.

### 5.2 Categoría Starter/Competitive

Categoría competitiva intermedia, dirixida a atletas que desexan competir con clasificación e puntuación, sen esixencias propias da categoría Élite.

### 5.3 Categoría Popular/Fun

Categoría de carácter participativo. As persoas inscritas nesta categoría **non acumulan puntos nin forman parte da clasificación xeral do Circuito**. A súa participación será recoñecida mediante premios e mencións especiais de carácter colectivo ou simbólico.



## 6. Inscripción no Circuito e adscrición de categoría

Para poder optar á clasificación xeral do Circuito da Agua será obrigatorio:

- Participar **nas dúas probas oficiais** do calendario.
- Competir **na mesma categoría** en ambas carreiras.

A categoría elixida no momento da inscrición individual será vinculante durante todo o circuíto.

As persoas que participen en categorías diferentes non poderán optar á clasificación xeral, aínda que si figurarán nas clasificacións individuais de cada carreira segundo o seu regulamento.

## 7. Sistema de puntuación

A puntuación por carreira será a seguinte:

- 1º posto: 1 punto
- 2º posto: 2 puntos
- 3º posto: 3 puntos
- 4º posto: 4 puntos
- E así sucesivamente

As persoas descalificadas ou que non finalicen a proba non obterán puntuación.



## 8. Clasificación xeral e requisitos mínimos

A clasificación xeral do Circuito da Agua obtérase mediante a **suma dos puntos acadados nas dúas probas**. O atleta con menor puntuación será o gañador.

Para optar á clasificación final será imprescindible completar ambas carreiras.

## 9. Criterios de desempate

En caso de empate a puntos aplicarase o criterio do mellor tempo acumulado nas dúas carreiras.

## 10. Recoñecementos e premios

O Circuito da Agua contará con:

- Podio final para as categorías ELITE (3 primeiros homes e 3 primeiras mulleres).
- Podio final para as categorías STARTER/COMPETITIVE (3 primeiros homes e 3 primeiras mulleres).
- Recoñecementos para participantes POPULARES.

Os premios estarán vinculados preferentemente a experiencias deportivas, recursos turísticos ou produtos e servizos da contorna co obxectivo de **promover unha segunda visita ao territorio da Raia**. Non se contemplan premios económicos.



## 11. Reclamacións e revisións

As incidencias relacionadas coa carreira (obstáculos, penalizacións, cronometraxe) deberán tramitarse ante a organización da proba correspondente.

As reclamacións relativas á **clasificación ou puntuación da Competición** deberán presentarse no prazo máximo de **72 horas** desde a publicación oficial do ranking provisional, achegando a información necesaria para a súa revisión.

## 12. Conduta deportiva e medio natural

O Circuito da Agua desenvólvese en contornas naturais que forman parte esencial da súa identidade.

As persoas participantes comprométense a:

- Respetar o medio natural e os percorridos marcados.
- Non tirar residuos fóra das zonas habilitadas.
- Seguir as indicacións da organización e do persoal voluntario.

Calquera comportamento que supoña un dano ambiental ou unha actitude antideportiva poderá implicar:

- descalificación da proba
- retirada de puntos no Circuito

O deporte ao aire libre enténdese como unha ferramenta para **coidar, coñecer e respectar o territorio compartido da Raia.**



### **13. Dereitos de imaxe e protección de datos**

A inscrición implica a autorización para a captación e uso de imaxes e vídeos con fins informativos e promocionais do Circuito.

Os datos persoais serán tratados conforme á normativa vixente de protección de datos.

### **14. Modificacións e forza maior**

A organización do Circuito da Agua resérvase o dereito de modificar o presente regulamento por causas xustificadas ou de forza maior, comprometéndose a comunicar calquera cambio polos seus canles oficiais.